

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 30 de abril de 2010

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 30/04/2010.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 30/04/2010.
- III. Memoria económica e liquidación do orzamento correspondente ao exercicio 2009.
- IV. Orzamento para o exercicio 2010.

Ábrese a sesión ás 12 horas e 35 minutos na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S.E. de Minas, presidida polo Director, e se tratan os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores, celebradas o 18 de decembro de 2009, 22 de marzo de 2010 e 24 de marzo de 2010.

A Xunta de Escola aproba por asentimento as actas das sesións celebradas o 18 de decembro de 2009, 22 de marzo de 2010 e 24 de marzo de 2010

2. Informe do Director.

O director informa sobre:

- O director cede a palabra a Carmen Pérez para que comente os prazos de matrícula dos alumnos ERASMUS. Carmen explica que non hai prazos marcados e polo tanto un alumno pode incorporarse ao centro en datas ao marxe das que teñen os alumnos propios do centro. En particular a ORI entrega en decembro a lista de alumnos ERASMUS.

3. Aprobación, se procede, dunha subvención e un aval para o CARTEL.

O representante do cartel José Luis Besteiro presenta a viaxe a Francia a realizar este ano con motivo do cartel de minas. Entre outras cousas afirma que no ano 2019 corresponderíalle a Vigo a organización do cartel. Tras unha exposición do balance de contas, solicitan unha subvención de 3000€ máis un aval de 9750€. Comprométense a continuar coa xestión da aula 0 todos os días de 10:00 a 14:00, excepto el período oficial de exames, a abrir no período oficial de automatrícula, a xerar notas de prensa das actividades relacionadas co cartel, a colaborar co centro en actividades de captación e a non executar o aval en ningún caso.

Tras retirarse apróbase por asentimento a subvención e o aval.

4. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S.E. de Minas.

Non se presenta ningún tipo de documentación.

5. Aprobación, se procede, da memoria económica e liquidación do orzamento 2009.

Tras unha presentación das incidencias mais destacables apróbase por asentimento a memoria económica e agrádese a Ana Cacheiro o seu traballo para a súa elaboración. (Achégase o documento como anexo III a esta acta).

6. Aprobación, se procede, do orzamento para o ano 2010.

Tras unha presentación das liñas xerais do orzamento, apróbase por asentimento o orzamento 2010 e agrádese a Ana Cacheiro o seu traballo para a súa elaboración. (Achégase o documento como anexo IV a esta acta).

7. Aprobación, se procede, do calendario escolar para o curso 2010-2011.

En relación ao plano a extinguir de Enxeñaría de Minas:

- No referente á convocatoria de "setembro" sométese a votación se esta se debe realizar en xullo ou en setembro, co seguinte resultado:

Votos a favor de trasladar esta convocatoria ao mes de xullo	0
Votos a favor de manter esta convocatoria no mes de setembro	19
Abstencións	13

Polo tanto acórdase que a convocatoria de setembro da titulación de Enxeñaría de Minas se manteña no mes de setembro.

- A convocatoria de decembro celebrarase do 29 de novembro a 4 decembro debendo decidir esta Xunta de Escola se se suspenden ou non as clases. Sométese á votación co seguinte resultado:

Votos a favor da suspensión de clases	18
Votos en contra da suspensión de clases	4
Abstencións	11

Polo tanto, apróbese a suspensión de clases durante a convocatoria de decembro.

Os alumnos solicitan a ampliación do período de exames de decembro, sen interrupción de clases, os días 25, 26 e 27 de novembro. Apróbese solicitar a ampliación do período de exames da convocatoria de decembro tras o seguinte resultado da votación:

Votos a favor da ampliación	16
Votos en contra da ampliación	0
Abstencións	16

En relación á festividade de Santa Bárbara decídese por asentimento solicitar que sexa trasladada ao martes 7 de decembro. E no caso de que dita solicitude non sexa aceptada a Xunta de Escola delega na dirección a elección da data da patroa.

8. Rolda aberta de intervencións.

Desde a delegación de alumnos coméntase que se enviou unha suxerencia ao centro indicando que a aula 0 estaba cerrada en horario de apertura.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 45 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, trinta de abril de dous mil dez.

Vº e Prace
O Presidente

O Secretario

Pedro Arias Sánchez

Enrique Granada Álvarez

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 30/04/2010

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 30/04/2010

Asistentes Xunta de Escola ordinaria 30/04/2010

PROFESORES	
1.	Presidente: Pedro Arias Sánchez
2.	Secretaria: Enrique Granada Álvarez
3.	Leandro Alejano Monge
4.	Araújo Fernández, María
5.	Cabeza Simó, Marta
6.	Caparrini Marín, Natalia
7.	Carrillo González, Camilo José
8.	Durany Castrillo, José
9.	García Bastante, Fernando
10.	González Rodríguez, Elena
11.	Mandado Vázquez, Alfonso Modesto
12.	Orche García, Enrique
13.	Ordóñez Galán, Celestino
14.	Pena Uris, Gloria
15.	Pérez Pérez, Carmen
16.	Taboada Castro, Javier
17.	Vázquez Dorrió, José Benito
ALUMNOS	
1.	Arufe López, Álvaro
2.	Blanco Bello, Miguel
3.	Casal Etchevarría, Alexandre
4.	Devesa Valledor, Ledo
5.	Faro Malvar, Diego
6.	Fernández Rodríguez, David
7.	Giráldez Moreira, Raúl
8.	Gómez Pereira, Laura
9.	Gómez Pérez, Gema
10.	González Fernández, Manuel Alejandro
11.	Oliveira Aboy, Diego Antonio
12.	Puga Alonso, Javier
13.	Rodríguez Domínguez, Álvaro
14.	Silveira Loureiro, Javier
15.	Sobrino Vázquez, Pablo
16.	Veleiro Pinal, Iván
PAS	
1.	Romo Pérez, M ^a del Carmen

Total membros Xunta de Escola :	54
Asistentes	34

Escusan a súa asistencia: Álvarez Vázquez, Lino José; Díez Ferrer, José Bienvenido; Correa Otero, Antonio; Correa Otero, José M^a; Cerdeira Pérez, Fernando.

ANEXO III

Memoria económica e liquidación do orzamento correspondente ao exercicio 2009

MEMORIA ECONÓMICA E LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO 2009

ETS. ENXEÑEIROS MINAS

Introdución:

O importe do presuposto asignado á E.T.S. de Enx. Minas correspondente ós créditos descentralizados para o exercicio 2009 sumaba un total de **102.026,36 €** se temos en conta que, a cantidade correspondente ós remanentes específicos do exercicio presupostario 2008 foi de **25.452,01 €** e de que se realizou unha transferencia dende a partida de subministros do Edificio de **42.609,52** o crédito definitivo alcanzou un total de **170.087,89 €**

No que atinxe ós créditos, cómpre resaltar que este ano os gastos correntes en bens e servizos (Cap. II) tiveron carácter vinculante a nivel de artigo o que permitiu que os conceptos 220 “material de oficina” e 222 “comunicacións” financiara parte dos gastos dos subconceptos 227.09 “traballos realizados por outras empresas”, 228.02 “conferencias” e 229.07 “outras actividades”; nembargantes continúan vinculando co nivel de desagregación que se indica os gastos da 226.01 “atencións protocolarias”, 229.03 “delegación de alumnos”, 229.04 “prácticas de campo” e 280.02 “producción docente”.

A liquidación global do presuposto é a que se reflicte no cadro final (páx. 5) pasándose seguidamente a analizar por separado os importes aproximados correspondentes os conceptos principais do gasto.

Concepto 220: Material de oficina

Principais gastos:

Basicamente os gastos principais corresponden a: material de oficina e fotocopias de dirección, área académica, área económica e conserxería; fichas alumnos, papel exame, material de imprenta e encadernación de actas e outros pequenos gastos cun custo aproximado de 8.500 €; sendo de destacar este ano a confección de trípticos cun custo de 1479 €

Asemade executouse o remanente do ano anterior por un importe aproximado de 6.000 €

Comentario:

Esta partida resultou suficiente na súa dotación permitindo asumir a totalidade dos gastos xerados nela. Isto foi posible ó imputar exclusivamente neste concepto gastos do propio Centro (dirección, área académica, económica e conserxería), sendo asumidos os gastos que, en concepto de material de oficina, xeraron as distintas áreas que integran os departamentos polo subconcepto 221.02 “Subministros docentes”.

Ó ser excedentaria, permitiu financiar gastos, mediante modificacións presupostarias-transferencias de crédito- dende o concepto 220 “material de oficina” a partida 482.11 “bolseiros colaboradores” (2.160 €) co fin de sufragar a convocatoria dunha bolsa de colaboración para as accións de innovación docente e mellora de calidade e tamén mediante a vinculación do artigo 22 financiar as partidas que resultaron deficitarias na súa execución.

Subconcepto 221.02: Subministros de docencia

O concepto 221.02 comprende os subministros de docencia funxibles relativos ás áreas segundo o reparto que neste concepto se fixo entre as mesmas e que foi aprobado na Xunta de Escola; sendo o importe total do gasto do subconcepto 221.02 “Suministros de docencia” de 20.055,53 €; restando un saldo de compromisos do ano 2008 sen executar de 1.492,69 €

Concepto 222 “Comunicacións”

Neste exercicio presupostario, e de acordo ós criterios de distribución e normas complementarias de execución dos créditos descentralizados para o ano 2009, estableceuse que o pagamento dos gastos telefónicos xestionaríase de maneira centralizada, en función dun límite de crédito do que disporían as diferentes unidades administrativas para gastos de teléfono, ó non superar dito límite neste exercicio económico os únicos gastos asumidos por esta partida foron o do consumo telefónico dos móbiles de dirección e da terceira parte do da administradora por importe de 1.519,75 € quedando comprometidos para o ano 2010 gastos do último trimestre que por mor das normas de peche de exercicio non puideron ser tramitados por importe aproximado de 700 € e resultando un saldo positivo de 521,90 € que axudaron a financiar algúns gastos da partida 227.09 “traballos realizados por outras empresas”

Subconcepto 227.09 “Traballos realizados por outras empresas”

Neste concepto soportáronse os seguintes gastos: limpeza das alfombras dos hall de entrada por importe de 925,44 € mantemento das unidades hixiénicas dos baños por un importe total de 1.192 € deseño, maquetación e impresión de libros por importe de 4.315,20 € e por último imputouse nesta partida o custe de liberar de material inservible o futuro almacén de Minas por un importe de 5.330 €

Asemade quedaron comprometidos para o ano 2010 créditos por importe de 409,90 € para facer fronte os gastos de cloración da auga do alxibe que non puideron ser tramitados por mor das normas de peche do exercicio.

Por último compre suliñar que para asumir tódolos gastos mencionados fíxose uso da vinculación dos créditos a nivel de artigo imputándose o déficit de 6.879,80 as partidas excedentarias 222 “comunicación” e 220 “material de oficina”

Subconcepto 228.02: Conferencias

Imputáronse nesta partida en execución do presuposto parte dos diversos gastos xerados polas conferencias impartidas mo Centro con motivo da celebración de Santa Bárbara cun importe total de 266,85 € que o non ter dotación específica esta partida foron asumidos en virtude da vinculación a nivel de artigo grazas o saldo positivo da partida 220 “material de oficina”

Subconcepto 229.07: Outras actividades

Imputáronse nesta partida en execución do presuposto os gastos xerados pola edición dun vídeo promocional da titulación cun importe total de 4.556,48 € e non sendo suficiente a dotación específica desta partida unha parte do custo foi asumido en virtude da vinculación a nivel de artigo grazas o saldo positivo da partida 220 “material de oficina”

Concepto 230: Indemnizacións por razón de servizo

Imputáronse dietas e gastos de locomoción da dirección do Centro por importe de 3.232,28 € O ser deficitario na súa dotación inicial e ó ser excedentaria a partida de subministros administrativos, acórdase facer unha transferencia por importe de 500 € resultando un saldo positivo de 267,72 €

Concepto 229.04 “Prácticas de campo”

Imputáronse por un importe total de 6.689,28 € todos os gastos xerados polas diversas practicas de campo debidamente autorizadas, resultando un saldo positivo de 1.429,40 €

Concepto 280.02 :Producción docente

Este concepto foi dotado no ano 2009 con 30.267,36 € seguindo os criterios de calidade docente e aplicando ós índices definidos nas normas de execución do presuposto, destacando os seguintes gastos:

- servizo autocar a Douai (Francia) “Cartel” 3.000 €
- axuda celebración Foro Tecnolóxico 600 €
- charlas promoción titulación e Conferencias de Santa Bárbara 2.451,42 €
- colaboración “Semana da Ciencia” 2.875,25€
- actuacións para a promoción Escola (visitas IES, participación Forum Orienta, bolsas, vídeo, libros, anuncios prensa ...) 10.375,54€
- actuacións de apoio a automatrícula 1.846,62 €
- participación “Forum Orienta” 1.181,17 €
- colaboración “Certame fotográfico SMG” 1.924,44 €

- participación “Conferencia Internacional Minería Sostible” 751,93 €
- melloras instalación aulas informática 3.105 €
- actualización páxina web 870 €
- outros pequenos gastos 1.285,99 €

Concepto 482.11: Bolseiros colaboradores

Aprobado na xunta de Escola o presuposto para o ano 2009 decidiuse dotar esta partida cunha transferencia dende o concepto 220 “mat. de oficina” para a convocatoria duna bolsa de colaboración en accións de mellora por importe de 2.160 € asemade executouse o importe comprometido do ano 2008 (2040 €).

Concepto 625: Mobiliario e equipamento

Neste concepto inclúense os gastos con destino ós investimentos que van entrar por primeira vez en funcionamento como mobiliario en xeral, equipos de oficina, equipos informáticos, equipos audiovisuais, software etc.

No exercicio presupostario 2009 o crédito inicial concedido no concepto 625 “Mobiliario e Equipamento”, resultou deficitario para asumir a totalidade das necesidades de adquisición de mobiliario e equipamento do Centro, e así apróbase unha transferencia de crédito dende a partida de subministros administrativos que resultou excedentaria (29.500 €) que financiou basicamente as reformas nas aulas.

Como gastos principias acometéronse os seguintes:

- adquisición de equipamento informatizo (portátiles servizo de préstamo, scanner, canons, impresoras,) por importe de 3.022,14 €
- pizarras e taboleiros de anuncios 1.920,71 €
- reposición de mobiliario e cortinas centro 1.597,48 €
- adquisición dúas fontes auga fría 2.306,77 €
- adecuación despacho Dirección 16.840,59 €
- instalación e programación tablets mesa aulas 23.186,39 €

Asemade executáronse por importe duns 13.000 € os compromisos de gasto do ano 2008.

LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO 2009

		CRÉD. DEFINIT.	GASTADO	COMPROMETIDO	DISPONIBLE
CAP. II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS					
Vinculantes a nivel de artigo					
Art. 22.- Material, subministracións e outros					
220	Material de oficina	26.626,28	16.945,05	0,00	9.681,23
221.02	Subministrados docentes	21.548,22	21.548,22	0,00	0,00
222	Comunicacións	2.766,46	1.519,75	724,81	521,90
227.09	Traballos realizados por outros	6.075,00	12.544,90	409,90	-6.879,80
228	Conferencias	0,00	266,85	0,00	-266,85
229.07	Outras actividades	1.500,00	4.556,48	0,00	-3.056,48
Total vinculante artigo 22:		58.515,96	57.381,25	1.134,71	0,00
Art. 23.- Indemnizacións por razón de servizo					
230	Indemnizacións por razón de servizo	3.500,00	3.232,28	0,00	267,72
Total vinculante artigo 23:		3.500,00	3.232,28	0,00	267,72
Vinculantes a nivel de subconcepto					
226.01	Atencións protocolarias	3.453,02	3.452,62	0,00	0,40
229.03	Delegación de alumnos	3.219,99	3.219,94	0,00	0,05
229.04	Prácticas de campo	8.118,68	6.689,28	0,00	1.429,40
280.02	Producción docente	30.267,36	30.267,36	0,00	0,00
TOTAL CAPÍTULO II:		107.075,01	104.242,73	1.134,71	1.697,57
CAP. IV.-TRANSFERENCIAS CORRENTES					
482.11	Bolseiros colaboradores	4.200,00	4.200,00	0,00	0,00
TOTAL CAPÍTULO IV:		4.200,00	4.200,00	0,00	0,00
CAP. VI.- INVESTIMENTOS					
Art. 62:- Inversións asociadas ao funcionamento dos servizos					
625	Mobiliario e equipamento	58.812,88	58.812,88	0,00	0,00
TOTAL CAPÍTULO VI:		58.812,88	58.812,88	0,00	0,00
TOTAL CAPÍTULOS II, IV E VI:		170.087,89	167.255,61	1.134,71	1.697,57

ANEXO IV

Orzamento para o exercicio 2010

PRESUPOSTOS EJERCICIO 2010

ETS. ENXEÑEIROS MINAS

DISTRIBUCIÓN CRÉDITOS DEFINITIVOS

1.- INTRODUCCIÓN

De acordo ó orzamento do ano 2010 da Universidade de Vigo, descentralízanse os créditos dos capítulos II e VI de conformidade cos criterios que se establecían no anexo I “Criterios de distribución e normas complementarias de execución dos créditos descentralizados para o ano 2010” do presuposto da Universidade de Vigo.

Unha vez comunicada informaticamente polo Servizo de Contabilidade a dotación inicial dos créditos descentralizados correspondentes ó Centro cómpre proceder á distribución correspondente a esta Escola.

2.- CRÉDITOS CONSIDERADOS

Os créditos asignados terán como finalidade financiar os gastos de docencia así como tamén os gastos necesarios para o funcionamento ordinario do centro e como ven sendo habitual nos exercicios anteriores, no ano 2010 os centros van recibir financiamento por dúas vías:

- a) Establecese un financiamento básico do presuposto do 2010 nos cap. II e VI que foi dotada segundo as necesidades do Centro.
- b) Establecese o financiamento adicional por “producción docente” que resultará da distribución segundo os indicadores de calidade docente.
- c) Dada a situación de compartir centro con outra titulación, os gastos da xestión do edificio e instalacións, así como os gastos de subministros e mantemento (auga, luz, gasóleo, etc.) serán comúns.

Ó igual que nos exercicios presupostarios anteriores na dotación dos créditos débese ter en conta que os gastos de teléfono xestionaranse de maneira centralizada, asemade os gastos destinados á Biblioteca serán asumidos directamente pola Biblioteca Central.

Compre destacar no presuposto do ano 2010 unha nova vinculación dos créditos por artigos, excepto os que se relacionan a continuación que vinculan no nivel de desagregación que se indica:

- 226.01 Atencións protocolarias
- 229.03 Delegación de alumnos
- 229.04 Prácticas de campo
- 280.02 Producción docente

No exercicio 2010 o orzamento inicial asinado á E.T.S. Enxeñeiros de Minas ascende a un total de **71.759,00 €** (Cadro I). Así mesmo débese ter en conta que o orzamento definitivo ven definido pola suma do orzamento básico (**71.759,00 €**) e o adicional por produción docente (**23.780,95 €**)

Polo antedito, o crédito definitivo suma un total de **95.539,95 €**

CADRO I

**DOTACIÓN INICIAL CRÉDITOS DESCENTRALIZADOS
DA E.T.S ENX. MINAS**

COMPARATIVO EJERCICIO 2009/2010

IMPORTES		ABSOLUTOS	
Concepto	Denominación do gasto	2009 euros	2010 euros
220	Material de oficina	10.000,00	12.000,00
221.02	Subministracións docentes	19.222,00	19.222,00
222	Comunicacións	2.500,00	2.500,00
226.01	Atencións protocolarias	3.017,00	3.017,00
227.09	Traballos outras empresas	6.000,00	6.000,00
229.03	Delegación de alumnos	3.120,00	3.120,00
229.04	Prácticas de campo	7.400,00	5.400,00
280.02	Conferencias	1.500,00	1.500,00
230.01	Indemnización razón servizo	3.000,00	3.000,00
280.02	Produción docente	27.144,65	23.780,95
TOTAL CAPITULO II		82.903,65	79.539,95
625	Mobiliario e equipamento	16.000,00	16.000,00
TOTAL CAPITULO VI		16.000,00	16.000,00
TOTAL CAPÍTULO II E VI		98.903,65	95.539,95

Os créditos definitivos segundo a súa clasificación económica en artigos, conceptos e subconceptos é a que segue:

Os créditos asinados á Delegación de alumnos terán como primeiro obxectivo atende-los gastos derivados das súas actividades propias e dos seus representantes nos órganos de goberno da Universidade. Para que estas dotacións poidan financiar gastos de carácter inventariable é necesario que por parte do Director ou Administradora do centro se solicite a correspondente modificación de crédito, sen que en ningún caso esta poida dar lugar a un incremento do gasto.

3.- DISTRIBUCIÓN CRÉDITOS EJERCICIO 2010

Considerando os créditos definitivos á distribución destes nos capítulos II, IV e VI segundo a súa desagregación en conceptos e subconceptos é a que de seguido se indica: a distribución do crédito efectúase considerando tanto os gastos xa autorizados ou comprometidos como unha previsión dos que se poderían abordar no que resta de exercicio. Para cada unha das aplicacións a distribución é a que segue:

220.- Material de oficina:

Comprende os gastos ordinarios de material de oficina, prensa, libros, publicacións, fotocopias, encadernacións, material para funcionamento de equipos informáticos, de transmisión e outros de administración e dirección.

Previsión	Importe	
Material de oficina centro		12.000,00
TOTAL		12.000,00

221.02.- Suministros Docencia:

Comprende gastos de reactivos, material funxible, fotocopias, gases de uso docente, produtos farmacéuticos, alimenticios, etc. Dado o carácter vinculante e limitativo do subconcepto 221.02, imputaranse tódolos gastos de docencia (fotocopias, material oficina e en xeral todo o material funxible adicado á docencia).

Previsión	Importe	
Subministros Docencia (Reparto áreas)		19.222,00
TOTAL		19.222,00

222.- Comunicacións:

Inclúe gastos por servizos postais non ordinarios e de telefonía móbil, estando os gastos por servizos telefónicos fixos centralizados.

Previsión	Importe	
Gastos de correos		500,00
Telefonía móbil		2.000,00
TOTAL		2.500,00

Só se asumirán por este concepto os gastos de correos e telefonía móbil correspondentes a administración e dirección.

227.09.- Traballos realizados por outras empresas:

Previsión	Importe
Limpeza alfombras	1.000,00
Unidades Hixiénicas	1.000,00
Montaxe exposicións	1.420,00
TOTAL	3.420,00

226.01.- Atencións Protocolarias.

Incluiranse os gastos autorizados polo Centro para gastos sociais e de representación.

Previsión	Importe
Atención Protocolarias	3.017,00
TOTAL	3.017,00

229.04.- Prácticas de Campo.

Incluiranse os gastos autorizados polo Centro para a realización das prácticas de campo non podendo autorizarse transferencias de crédito dende esta partida segundo consta nos presupostos da Universidade

Previsión	Importe
Prácticas de campo	5.400,00
TOTAL	5.400,00

280.02.- Producción Docente.

Comprenderán actividades que sirvan para a mellora da Docencia na E.T.S. de Minas.

Previsión	Importe
Foro Tecnolóxico	800,00
Visitas IES	1.000,00
Merchandising	800,00
Web promocional-Web curso cero	11.020,00
Cartel Minas	3.000,00
Colaboración automatrícula	984,86
Exposicións	5.476,09
Concurso SMG	700,00
TOTAL	23.780,95

230.01.- Indemnizacións por razóns do servizo:

Imputaranse gastos de dietas, locomoción, traslados e outras indemnización por razón do Servizo correspondente á dirección do centro.

Previsión	Importe	
Desprazamentos e dietas de dirección		3.000,00
TOTAL		3.000,00

482.11- Bolsas Colaboración

Imputaranse o custo de dúas bolsas de colaboración e xestión.

Previsión	Importe	
Bolseiro (5 meses)		2.040,00
Bolseiro (5 meses)		2.040,00
TOTAL		4.080,00

625.- Investimento en mobiliario e equipamento:

Neste concepto inclúense os gastos que se efectúen con destino os investimentos que vaian entrar por primeira vez en funcionamento como mobiliario en xeral (sexan de madeira, metálicos ou doutro material), equipos de oficina, tales como máquina de escribir, calcular, fotocopiadoras, arquivadores, etc.

Previsión	Importe	
Equipos informáticos		4.000,00
Reposición mobiliario		4.000,00
Climatización despachos		8.000,00
TOTAL		16.000,00

DISTRIBUCIÓN DO CRÉDITO POR CONCEPTOS

ART	CPTO	SUBC	DENOM. DO GASTO	PREV GASTOS	DOTACIÓN	DIFERENCIA
22	220		Mat., subministracións e outros Mat. oficina	12.000,00	12.000,00	0,00
		221.02	Subministrados docentes	19.222,00	19.222,00	0,00
	222		Comunicacións	2.500,00	2.500,00	0,00
	223		Transportes		0,00	0,00
	227.09		Traballos realizados por outras empresas	3.420,00	6.000,00	+2.580,00
	229	229.07	Outras actividades	0,00	1.500,00	+1.500,00
	TOTAL VINCULANTES ART. 22				37.142,00	41.222,00
23	230		Indemnizacións por razóns do servizo			
			Dietas e locomoción	3.000,00	3.000,00	0,00
		TOTAL ART.23		3.000,00	3.000,00	0,00
28	280.02		Plan calidade docente			
		Centros		23.780,95	23.780,95	0,00
TOTAL ART. 28				23.780,95	23.780,95	0,00
48			Transferencias correntes			
	482.11		Bolseiros colaboradores	4.080,00	0,00	-4.080,00
	TOTAL ART. 48			4.080,00	0,00	-4.080,00
	226.01		ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS	3.017,00	3.017,00	0,00
	229.03		DELEGACIÓN DE ALUMNOS	3.120,00	3.120,00	0,00
	229.04		PRÁCTICAS DE CAMPO	5.400,00	5.400,00	0,00
	62	625		Investimento asociado os servizos		
			Mobiliario e equipamento	16.000,00	16.000,00	0,00
TOTAL ART. 62				16.000,00	16.000,00	0,00
TOTAL				95.539,95	95.539,95	0,00

* O déficit no capítulo IV financiarase mediante transferencia dende os subconceptos 229.07 e 227.09

Disposicións adicionais:

1ª.- Autorízase ó Director ou Administradora para aprobar gastos por importe superior á dotación dos conceptos indicados, cando pola necesidade inaprazable do gasto sexa necesario reaxusta-lo crédito inicial, sen que iso poida supor un incremento do presuposto global.

2ª.- Autorízase ó Director ou Administradora para propoñer, ó Reitor ou Xerente, as transferencias de crédito que sexan necesarias para reaxusta-lo crédito dos distintos conceptos cando o estado de execución do presuposto así o faga necesario.

REPARTO SUMINISTROS DOCENTES 2010 (221.02)

CÓDIGO/ÁREAS	2009 [Créditos]	CRÉDITOS	2010
065/CIENCIAS DOS MATERIAIS E ENX. METALÚRXICA	2231,27 [67,5]	69,0	2217,92
265/ESTADÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA	247,92 [7,5]	7,5	241,08
280/ESTRATIGRAFIA	446,25 [13,5]	13,5	433,94
295/EXPLOTACIÓN DE MINAS	2627,94 [79,5]	73,5	2362,57
305/EXPRESIÓN GRÁFICA NA ENXEÑERÍA	644,59 [19,5]	19,5	626,8
345/FILOLOXIA INGLESA	99,17 [3,0]	3,0	96,43
385/FÍSICA APLICADA	793,34 [24,0]	24,0	771,45
505/ENXEÑERÍA CARTOGRAFICA	743,76 [22,5]	24,0	771,45
515/ENXEÑERÍA DOS PROCESOS DE FABRICACIÓN	132,22 [4,0]	4,0	128,58
520/ENXEÑERÍA DE SISTEMAS E AUTOMÁTICA	694,17 [21,0]	24,0	771,45
535/ENXEÑERÍA ELÉCTRICA	1437,93 [43,5]	45,0	1446,47
545/ENXEÑERÍA MECÁNICA	495,84 [15,0]	13,5	433,94
555/ENXEÑERÍA QUÍMICA	1487,52 [45,0]	45,0	1446,47
590/MÁQUINAS E MOTORES TÉRMICOS	1735,43 [52,5]	55,5	1783,99
596/MATEMÁTICA APLICADA	1239,60 [37,5]	37,5	1205,39
600/MECÁNICA DE FLUIDOS	495,84 [15,0]	16,5	530,37
605/MECÁNICA DOS MEDIOS CONTINUOS el. De ES.	892,51 [27,0]	27,0	867,88
650/ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS	793,34 [24,0]	24,0	771,45
710/PROSPECCIÓN E INVESTIGACIÓN MIN.	595,01 [18,0]	22,5	723,25
720/PROXECTOS DA ENXEÑERÍA	396,67 [12,0]	12,0	385,73
785/TECNOLOXÍA ELECTRÓNICA	347,09 [10,5]	13,5	433,94
790/TECNOLOX. MEDIO AMBIENTE	644,59 [19,5]	24,0	771,45
TOTAIS	19222,00 [581,5]	598,00	19222,00